

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

5103 *Real decreto 246/2010, do 5 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1201/1999, do 9 de xullo, polo que se establece o Programa nacional de erradicación e control do fogo bacteriano das rosáceas.*

Mediante a aprobación do Real decreto 1201/1999, do 9 de xullo, polo que se establece o Programa nacional de erradicación e control do fogo bacteriano das rosáceas, harmonizáronse e coordináronse as medidas oficiais aplicables ante a aparición de casos de fogo bacteriano. A vixencia deste programa foi prorrogada na disposición transitoria terceira da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Como consecuencia da auditoría específica levada a cabo en España do 26 de maio ao 6 de xuño de 2008 pola Oficina Veterinaria e Alimentaria da Comisión Europea para avaliar a situación do fogo bacteriano, enfermidade grave dos vexetais producida pola bacteria «*Erwinia amylovora*» (Burrill) Winslow et al., e a consideración legal do territorio español como zona protexida contra este organismo, no informe emitido pola citada oficina comunitaria fanse recomendacións que deben ser adoptadas para defender ante a Comisión Europea o mantemento do estatus de zona protexida da totalidade do territorio español.

Para cumprir coas recomendacións formuladas cómpre modificar o Real decreto 1201/1999, do 9 de xullo.

Na elaboración desta disposición emitiu o preceptivo informe o Comité Fitosanitario Nacional, de acordo co sinalado polo artigo 6 a) do Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación ou control de organismos nocivos dos vexetais aínda non establecidos no territorio nacional, e foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1201/1999, do 9 de xullo, polo que se establece o Programa nacional de erradicación e control do fogo bacteriano das rosáceas.*

O Real decreto 1201/1999, do 9 de xullo, polo que se establece o Programa nacional de erradicación e control do fogo bacteriano das rosáceas, queda modificado como segue:

Un. As letras a) e b) do artigo 4.2 quedan redactadas da seguinte forma:

«a) Consistirán en inspeccións visuais de plantas hospedantes dunha rede permanente de puntos e itinerarios, para descubrir a presenza de síntomas de fogo bacteriano, e no diagnóstico bacteriolóxico de mostras de plantas sintomáticas e asintomáticas.

b) Efectuarase unha especial vixilancia de todos os viveiros radicados na comunidade autónoma que produzan ou comercialicen vexetais dos xéneros citados. Esta vixilancia consistirá non só en inspeccións visuais, senón tamén na toma de mostras de vexetais con ou sen síntomas para a súa análise no laboratorio. Así

mesmo, controlárase o cumprimento da lexislación vixente sobre os documentos que deben amparar os vexetais ou produtos vexetais dos mencionados xéneros adquiridos ou expedidos polos viveiros e, en especial, respecto aos pasaportes fitosanitarios modalidade de zona protexida.»

Dous. O artigo 5.1.a) queda redactado da seguinte forma:

«a) Delimitará a extensión do foco mediante a análise de mostras de vexetais dos xéneros sensibles con e sen síntomas ata que deixen de aparecer vexetais afectados e declarará contaminada a superficie afectada. Ordenarase a arrinca e destrución inmediata de toda planta contaminada e de todas as plantas hospedantes sen síntomas do seu contorno inmediato.»

Tres. O artigo 6 queda redactado da seguinte forma:

« 1. A comunidade autónoma, tras a realización das actuacións inmediatas previstas no artigo 5, establecerá unha zona de seguridade arredor do foco detectado, que quedará delimitada en función dos coñecementos sobre a epidemioloxía da enfermidade e dos métodos de profilaxe específicos, pero que en principio cubrirá unha extensión mínima dun círculo de 1 quilómetro de raio e na cal se efectuará un seguimento intensivo nas dúas épocas axeitadas, normalmente de primavera a outono, durante dous anos consecutivos antes de considerar erradicado o foco.

2. Na zona de seguridade adoptaranse as seguintes medidas:

a) O seguimento intensivo previsto na zona de seguridade levarase a cabo mediante inspeccións visuais e mediante a análise de mostras de vexetais sensibles sintomáticos e asintomáticos, e arrinca e destrución inmediata «in situ» e baixo control oficial de toda planta hospedante afectada ou con síntomas, neste caso sen necesidade dunha análise bacteriolóxica que o confirme, e de todas as plantas hospedantes sen síntomas do seu contorno inmediato. Este feito dará lugar á ampliación da zona de seguridade.

b) Tratamento preventivo durante o inverno, e nas épocas en que se considere necesario, cun principio activo apropiado que determinará a comunidade autónoma.

c) Prohibición do transporte fóra da zona de seguridade de vexetais ou partes de vexetais hospedantes, incluído pole activo para a polinización, agás froitos e sementes, sen a expresa autorización da comunidade autónoma.

d) Traslado fóra da zona de seguridade da totalidade das colmeas de abellas existentes nela soamente durante o período comprendido entre o mes de outubro do ano de detección do caso e o inicio da seguinte floración, coas excepcións que, se é o caso, estableza a comunidade autónoma. As colmeas afastaranse unha distancia mínima de 5 quilómetros.

e) Prohibición de plantación ou replantación de vexetais hospedantes á enfermidade, mentres se manteña vixente a zona de seguridade, sen a expresa autorización da comunidade autónoma.

f) Obrigatoriedade de desinfectar os medios de poda despois de efectuada a operación en cada exemplar.

g) Investigación epidemiolóxica da orixe da planta hospedante da parcela contaminada e das plantas hospedantes do territorio comprendido na zona de seguridade

Se é o caso, se o viveiro de que presuntamente procede a planta contaminada está situado noutra comunidade autónoma comunicáraselle, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, ao órgano competente desta para que efectúe as correspondentes inspeccións e indagacións, cando se sospeite que sexa a orixe da contaminación.

Investigaranse os destinos doutros envíos efectuados polo viveiro de procedencia da planta afectada como mínimo desde os doce meses anteriores ao da confirmación do foco inicial, para o cal se remitirá a información obtida ás comunidades autónomas de destino, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros.

As comunidades autónomas comunicaranlle á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros os resultados das investigacións epidemiolóxicas de cada caso e das medidas adoptadas.

3. As comunidades autónomas organizarán controis oficiais ocasionais na circulación de vexetais e produtos vexetais dos xéneros sensibles durante a súa introdución na zona protexida e durante o seu traslado dentro dela, en cumprimento do artigo 8 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión en territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.»

Catro. Suprímese o artigo 9.

Cinco. Suprímese a disposición adicional segunda.

Seis. A disposición derradeira primeira queda redactada da seguinte forma:

«Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto e, en particular, para modificar os anexos cando sexa necesario, logo de informe do Comité Fitosanitario Nacional.»

Sete. Suprímese o anexo I.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de marzo de 2010

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA